

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO REGULADOR DA D.O.P MEXILLÓN DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN E A MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DO MEXILLÓN CERTIFICADO D.O.P. NO ANO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten previsto formalizar co Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida (D.O.P.) Mexillón de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 23 de setembro de 2021 ata o 30 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e Consello Regulador da D.O.P. Mexillón de Galicia para a coordinación de accións encamiñadas á mellora da comercialización e realización de actividades de promoción do Mexillón certificado no ámbito desta DOP.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1 Estudo para o desenvolvemento de ecoenvase eficiente e económico para Mexillón de Galicia DOP fresco.

A principal función do envase dos alimentos é protexelos e preservalos da contaminación exterior. O envase cumpre funcións de grande importancia na comercialización dos produtos: conter os alimentos, protexelos da deterioración química e física, e proporcionar un medio práctico para informar os consumidores sobre as súas propiedades. Dado que na actualidade, unha das tendencias que gaña unha maior forza no mercado é o uso de *packaging* sostible dende un punto de vista ambiental e a súa posibilidade de reciclaxe, derivada da preferencia por distintos tipos de consumidores que os prefiren e os converten nun factor importante á hora de decantarse por un produto ou por outro, realizarase unha prospección entre as empresas asociadas para determinar as



características mais adecuadas que deben cumprir os materiais e o envase para adecuarse as necesidades do produto en fresco.

Recompilase información sobre ecomateriais empregados na fabricación de envases alimentarios, requisitos legais para os mesmos, etc, analizarase posibles desenvolvementos de novos materiais e establecerase un plan de traballo que sirva como base para accións futuras que fomenten a calidade e o valor engadido deste produto.

2 Determinación do perfil nutricional e propiedades saudables do Mexillón de Galicia

Dende fai longo tempo, as propiedades nutricionais dos produtos alimenticios esperta un amplo interese entre os consumidores, mostrándose potencialmente capaz de influír nas súas pautas de compra e consumo alimentario

Sendo coñecedores de que os produtos do mar conteñen propiedades nutricionais que os converten en alimentos fundamentais dentro do que se considera unha alimentación equilibrada e cardiosaludable realizarase unha recompilación bibliográfica da información nutricional dispoñible para os moluscos bivalvos e paralelamente iniciárase un programa de recollida de mostras de mexillón comercial durante a campaña de fresco para determinar os principais nutrientes tendo en consideración a flutuación da composición do mexillón segundo a época do ano.

Esta acción permitirá ademais definir próximos análises de interese para detallar a composición nutricional e propiedades saudables do Mexillón de Galicia que poidan ser resaltados no etiquetado do produto certificado que postos en coñecemento do consumidor o faga decantarse pola súa compra e desta forma se poida acceder a novos nichos de mercado.

3 Recompilación de información de cara a elaborar una correcta estratexia de promoción e comercialización.

Na estrutura ideal dun plan de marketing a primeira das fases é a análise da situación inicial xa que é de suma importancia analizar como está posicionada a organización en relación co mercado, a industria e sobre todo a competencia. Dentro desta fase é



imprescindible a recompilación de información tanto interna como externa para a correcta elaboración dunha análise DAFO.

Na matriz DAFO (en inglés SWOT- *Strengths, Weaknesses, Oportunities e Threats*) recóllense as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que se lle presentan á organización, e que permite realizar un diagnóstico dos aspectos internos e externos máis relevantes.

De cara á elaboración desta Análise, no marco do presente convenio establécese a recompilación de determinada información interna relevante:

- para a coñecer o impacto do cambio climático na calidade e cantidade de produto certificado a comercializar, iniciarase a monitorización do proceso produtivo en colaboración co equipo investigador do IIM-CSIC mediante a mostraxe de mexillón a distintas alturas durante a segunda fase do ciclo de produción para determinar o crecemento, engorde e capacidade de agarre do mexillón, así como o volume de mexillón desprendido. Igualmente tomaranse mostras para o estudo da fauna acompañante e definiranse futuros análises que permitan estudar a captación de cría mediante colectores tendo en consideración a variabilidade temporal e espacial da mesma.

- para coñecer a vulnerabilidade da produción de mexillón certificado fronte á posible establecemento de especies alóctonas nos bancos naturais de mexillón, realizarase unha recompilación bibliográfica de información sobre as especies (animais e algas) que conviven co mexillón no intermareal e, definirase un programa para o seguimento das especies acompañantes do mexillón no intermareal.

4 Axendas 2022

Para o novo ano, prevese editar axendas personalizadas, xa que son un regalo promocional perfecto e a marca da DOP permanecerá presente os 365 días do ano pois garante case absolutamente o ser usada polo receptor. Os presentes promocionais son unha estratexia de márketing que non pasa de moda pero a clave para que sexan aínda



máis efectivos é que resulten útiles no día a día. Ademais, na era dixital, marca maior conexión co receptor.

A calidade xoga un papel fundamental á hora de elixir un regalo promocional pois por exemplo, se é útil, funciona ben e é duradeiro creará unha sensación de benestar arredor da marca.

Neste caso, escollerase unha encadernación en espiral, a máis práctica xa que permite que a axenda personalizada se abra por completo resultando máis cómoda ao momento de escribir.

Respecto da cuberta, levará marcado o noso selo e un eslogan chamativo.

Citas, trucos, recomendacións relacionadas coa marca, co Mexillón de Galicia, información sobre o sector, receitas,... axudarán a mellorar a visibilidade ao igual que o deseño natural, atractivo e coas cores corporativas.

Imprimiremos 600 unidades que serán remitidas por mensaxería a axentes do sector, profesionais da distribución, representantes da administración, xornalistas,...

5 Mostra de Mexillón de Galicia fresco

A DOP busca en todas as súas accións promocionais o incremento da identificación e recoñecemento do seu selo así como a mellora da valorización de Mexillón de Galicia no mercado.

O coñecemento e recoñecemento do selo por consumidores e profesionais é básico para fortalecer a D.O.P. Mexillón de Galicia como distintivo de calidade e orixe e por extensión, aos seus integrantes, produtores e empresas depuradoras e transformadoras. Por un lado, protexe os postos de traballo dos axentes do sector que se esmeran por acadar un produto e alimento de altísima calidade, de proximidade, cultivado de forma única, natural e sostible que xera riqueza no entorno local e arraiga poboación aos territorios onde se cultiva. Sen esquecer por suposto, a protección ao consumidor grazas á información clara e veraz que ofrece un produto con este distintivo.

Neste senso, quérese facer chegar a representantes da gran distribución, xornalistas, representantes de administracións,... unha caixa cunha bandexa de 1 quilo de Mexillón de Galicia fresco.



6 Visibilidade en Campo de Golf de Meis

O Mexillón de Galicia é un produto cultivado de forma natural e respectuosa co medio ambiente.

Grazas a riqueza fitoplancónica das augas das Rías Galegas e ao bo facer dos cultivadores podemos gozar dun alimento cunhas propiedades nutricionais ideais para unha dieta saudable.

Unha forma de promocionar o Mexillón de Galicia como alimento é vinculalo co seu entorno e no marco dun contexto de benestar social, natureza, deporte e saúde. O binomio saúde-deporte é por tanto un factor moi atractivo para o consumidor á hora de escoller un alimento ou outro.

Neste senso, en colaboración coa Fundación Monte Castrove apóstase por visibilizar Mexillón de Galicia no Campo de Golf de Meis o que tamén permite a vinculación co tecido produtivo mexilloeiro.

7 Calendario 2022

Ao igual que as axendas, quérese deseñar un calendario de sobremesa 2022 pois considérase que para o usuario é un obxecto útil e trátase dun recordatorio diario de Mexillón de Galicia como produto, alimento e marca.

O calendario en pdf colgarase na época de Nadal nas redes sociais do CR da DOP e tamén imprimíranse 2.100 exemplares para o envío a produtores, elaboradores e comercializadores de mexillón en Galicia así como cociñeiros, centros de formación de hostalería, representantes de administracións autonómicas, provinciais e locais, persoas relacionadas coa cultura, a sociedade e a economía galega, consellos reguladores, universidades, centros de investigación, etc.



8 Felicitación Nadal

A felicitación de Nadal é un clásico que non podemos esquecer. Nestes tempos en que a sociedade se move dentro dunha inmediatez e voráxine desmesurada, unha Felicitación de Nadal é un guiño á tradición, ao natural, ao ben feito, cualidades compartidas coa esencia do cultivo do Mexillón de Galicia.

Consideran o deseño en pdf da felicitación para colgala nas nosas redes sociais e chegar ao maior número de destinatarios posible.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: "7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos".

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade. Neste senso, no apartado d) do artigo 97 da lei 11/2008, de pesca de Galicia, establece que a política da Comunidade Autónoma de Galicia terá como obxectivo en relación coa comercialización, a



transformación e a promoción dos produtos pesqueiros a promoción dos produtos de alta calidade para mercados altamente especializados.

O Consello Regulador da D.O.P. Mexillón de Galicia é órgano de xestión e control da dita denominación, de acordo co disposto no Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios; na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; e no Regulamento (CE) nº 1050/2007 da Comisión Europea polo que se inscribe no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas da Unión Europea a denominación Mexillón de Galicia. Polo tanto é a única entidade capacitada para executar tanto investimento material como o inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrència competitiva con ningunha outra.

Que por canto a Consellería do Mar e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia están interesados na potenciación do sector da acuicultura, tanto dende un punto de vista da obtención de produtos certificados no ámbito da produción primaria como do sector transformador destes produtos, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven del, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións que repercutan nunha mellora da comercialización e accións de promoción destes produtos de alta calidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

